

## **MOCIÓN DE AER SOBRE A ENSEADA DE SAN SIMÓN**

PLENO 29 SETEMBRO 2011. ACTA 17/2011

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Enseada de San Simón caracterízase por ser un espazo natural de alto valor ecolóxico de sobra recoñecido, que resulta fundamental para manter unha alta integridade da calidade ambiental e para a saúde das persoas. Isto proporciona un catálogo de múltiples aproveitamentos de todo tipo, dende aqueles gratuítos que van dende o simple uso para o goce e o ocio do tempo libre, ata os que permiten un aproveitamento dos recursos naturais proporcionando riqueza económica.

Usos dos que tódolos veciños de Redondela teñen o dereito recoñecido no artigo 45 da Constitución de beneficiarse con tódalas garantías.

Cabe recordar que a Enseada de San Simón, como espazo natural, figura recoñecido grazas á Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galicia, como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, ao que se chegou dende que fora seleccionado para formar parte da rede de espazos naturais europea denominada Rede Natura 2000. Así, dende o 29 de decembro de 2004, este espazo ostenta a distinción de Lugar de Interese Comunitario por decisión da Unión Europea, e polo tanto, suxeito ás implicacións que obrigan, en primeiro lugar, as normas europeas que regulan estes espazos. Así entre o articulado da Directiva 92/43 CEE, “de Hábitats”, principal referencia normativa para a Rede Natura 2000, figura a obrigación de que nun prazo de seis anos os LIC deberán ser declarados como Zonas de Especial Conservación, e polo tanto, como mínimo, dende o 29 de decembro de 2010, contar cunhas directrices de planificación de conservación, que permitan compatibilizar medidas de conservación, cara perpetuar os valores ecolóxicos que lle dan mérito ao lugar, á vez que se ordenan os usos que neles se realizan, co fin de poder ser aproveitados baixo un desenvolvemento sostible e respectuoso para o medio ambiente.

Pois ben, a nós, a Agrupación de Electores de Redondela, e probablemente a maioría dos veciños do Concello de Redondela, e incluso aos galegos en xeral, que gozamos dunha Ría, que ten causado a admiración do astronauta Soichi Noguchi, que a fotografou dende a Estación Espacial Internacional, da que nunca nos cansaremos de admirala, preocúpanos que nestes momentos o espazo estea desprovisto do instrumento normativo de ordenación obrigatorio para este lugar, é dicir, do seu respectivo Plan de Conservación, así como da súa obrigada distinción a efectos legais como Zona de Especial Conservación dentro do territorio da Unión Europea, co consecuente incumprimento de Directivas Europeas.

Preocúpanos que a falta deste instrumento estea a poñer en risco dende os valores ecolóxicos, ás posibilidades de desenvolvemento sostible e económicas que se poden tirar deste tipo de espazos, favorecéndose unha xestión dos seus recursos desorganizada, de improvisación e fomento de usos non renovables, e do que finalmente saen perdendo tódolos cidadáns.

Opoñémonos a que a nosa Ría siga danándose simplemente pola inactividade da nosa administración, que tendo as ferramentas e instrumentos de ordenación suficientes como para prever as medidas que a manteñan e conserven, á vez que permiten harmonizar usos e aproveitamentos, non teñan feito nada, e permanezan pasivos ante a sucesiva degradación de todo este espazo.

5). Non dubidamos que a consecución da Enseada de San Simón como nova Zona de Especial Conservación dentro da Unión Europea pode abrir as posibilidades a novas oportunidades de actividades económicas baseadas no aproveitamento dos denominados valores ecosistémicos (tales coma produtos marisqueiros de alta calidade e recoñecemento ambiental, alta calidade da paisaxe, actividades de ocio e recreo neste espazo marítimo, sendas verdes peonís, recuperación de areais e franxa litoral, etc). Todo un potencial que nestes momentos dende a nosa agrupación vemos que simplemente se desaproveita e que por riba arrastra en clave de presente e futuro máis danos que outra cousa, e así queremos que a corporación municipal sexa consciente deste feito e que se sume á nosa demanda nun exercicio de responsabilidade e de compromiso, tal e como recolle a Constitución no seu artigo 45.2 no que insta aos poderes públicos para velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva, algo que de sobra merecen tamén tódolos redondeláns.

**Por estes motivos, pedimos neste pleno que o Concello de Redondela se dirixa á administración galega con competencias solicitando a inmediata restitución da legalidade para o espazo da Enseada de San Simón, e que proceda a:**

**1). Declaración do Espazo da Enseada de San Simón como Zona de Especial Conservación da Rede Natura 2000.**

**2). Consideramos que a fórmula de protección que pretende dotar a Xunta de Galicia para este tipo de espazos, baixo unha figura de protección amparada nun Plan Director de Conservación de ámbito autonómico resulta inapropiado polo seu carácter xenérico, merecendo a nosa Ría a elaboración e aprobación, como mínimo dun Plan de Conservación específico tal e como esixe o artigo 31 da Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galicia.**

**3). Un Plan de Conservación específico no que os cidadáns de Redondela poidamos saber como se ordenan os usos dentro destes espazos, que tipo de actividades se poden ou non facer, e no caso de prohibirse algún tipo de uso, por comprometer a calidade e beneficios do conxunto do espazo, que alternativas se ofrecen.**

**4). Queremos que se delimiten adecuadamente as medidas de ordenación e xestión dentro deste espazo para permitir o axeitado exercicio das competencias municipais para outorgamento de licenzas e autorización das actividades económicas que teñan lugar dentro deste espazo.**

#### **VOTACIÓN E ACORDO.-**

A Corporación, en votación ordinaria e por once votos a favor (dos 8 concelleiros do PSdeGPSOE, 2 do BNG e 1 de AER), e dez abstencións (dos concelleiros do PP), acordou aprobar nos seus propios termos a moción nos antecedentes transcrita, pasando o punto 5º á parte expositiva.